

A Xunta de Galicia do presidente Alfonso Rueda ven de publicar no Diario Oficial de Galicia dúas grandes novas para Caldas de Reis.

- Fernando Pérez informa a todos os caldenses das exposicións públicas de dous proxectos abertos a presentación de alegacións e moi importantes para o noso Pobo.
- O DOG do 13/7/2022 somete a información pública a solicitude de declaración de utilidade pública da instalación eléctrica soterramento da LAT 66 kV Padrón-Tivo entre os apoios números 55 e 63 no concello de Caldas de Reis (expediente IN407A 2021/281-4).
- O DOG do 26/7/2022 somete a información pública o estudo previo da iniciación da zona de reestruturación parcelaria de Bemil.
- O equipo de des-goberno de Caldas de Reis do PSOE, pese a importancia destes dous proxectos, e o feito da posibilidade de presentación de alegacións, non cumpre a súa obriga de informar os caldenses.

27, xullo, 22.- Uns están a enredar e outros namentres cumprimos os compromisos asumidos cos veciños. Tal e como anunciamos na nota de prensa do pasado 14/7/2022 a parcelaria da parroquia de Bemil xa está en marcha, e tras o acordo do Consello da Xunta de Galicia do Partido Popular de este mes de xullo, xa entra nunha nova fase ca exposición pública do seu estudo previo.

Convidamos a todos as persoas interesadas, en especial os veciños de Bemil, de que consulten os documentos expostos, que conclúen que a parcelaria de esta parroquia cumpre as características de viabilidade para que a Consellería de Medio Rural propoña a súa declaración de utilidade pública.

Os documentos pódense consultar no apartado de consultas públicas de: <https://ovmediorural.xunta.gal/gl/consultas-publicas/concentracion-parcelarias-procesos>

Por outra banda o DOG do 13/7/2022 publica o proxecto de soterramento da liña de Alta Tensión que atravesa o casco urbán, unha longa petición dos veciños, e que pronto pode ser una realidade; o tramo que se propón soterrar e o que vai dende o lugar da Lavandeira en Bemil ata a subestación de UFD situada na rúa Juan Fuentes, este tramo sobre todo afecta os veciños de Lavandeira, Outeiral, Hipólito de Saa, A Canle, rúa Tesouro e As Silgadas.

Tamén está a exposición pública e por elo informamos os veciños interesados que poden presentar alegacións e que poden consultar polo miúdo o expediente e o proxecto en:

https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-electricas-distribucion-e-transporte?content=expediente_0318.html.

O tempo, e os feitos, están deixando claro quen está a traballar en prol dos proxectos importantes para Caldas de Reis e quen está a enredar con simples posturesos ou actos de venda de fume. Este des-goberno do PSOE optou soamente por marketing, nos creemos nas xestións e no traballo.